



BASES ESPECÍFICAS BOLSA DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL LABORAL OU PERSOAL FUNCIONARIO DE TÉCNICO DE TURISMO

1ª.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de interinos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario ou calquera das situacións contempladas no artigo 1 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada e no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma para substitucións por vacacións ou permisos do persoal coa categoría de Técnico de Turismo; en todo aquilo que non estea previsto nas **"BASES XERAIS PARA ELABORAR BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DURANTE O 2020"**, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2020. (BOP núm.24, do 5-2-2020)

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: PS 15-2020

3ª.- VIXENCIA DA BOLSA

A vixencia desta bolsa é de tres anos, prorrogables por outros 3, dende a súa aprobación por resolución do Alcalde que se publicará no taboleiro e na sede electrónica municipal.

4ª.- CARACTERÍSTICAS DAS POSIBLES PRAZAS.

- a) Denominación da praza: Técnico de Turismo.
- b) Escala referida aos postos de funcionario: Escala de administración Especial, Subescala Técnica clase: técnicos auxiliares.
- c) Grupo de clasificación: B de persoal funcionario ou equiparado de persoal laboral.
- d) Tipo de relación xurídica: persoal laboral temporal ou persoal funcionario interino.

5ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de oposición.

6ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- a)-Estar en posesión alternativamente de:
 - Técnico superior en guía, información e asistencia turística ou equivalente.
 - Técnico en empresas e actividades turísticas ou equivalente.
 - Grao ou Diplomatura en turismo (ou título equivalente homologado)
 - Doble grao en Ciencias Empresariais e Turismo ou equivalente.
 - Grao ou licenciatura en Historia da Arte ou equivalente.
 - Grao ou licenciatura en Humanidades ou equivalente.
 - Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio ou equivalente.
 - Grao ou licenciatura en Historia ou equivalente.
- b) Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 8ª.

7ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E PRAZO

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón: <https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo é de 3 **días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación na sede e/ou no BOP.

- As taxas de participación serán equivalentes ás fixadas nas bases xerais para o grupo A subgrupo A2.

8ª.- PROCESO SELECTIVO.

1.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio e **realizaranse en unidade de acto, con independencia de que si non se obtén a puntuación mínima no primeiro exercicio non se procederá á corrección do segundo:**

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: Consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado no temario completo (parte xeral Anexo II das bases xerais e base 9ª das específicas). Estará composto por vinte



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Cada resposta correcta puntuará 1 punto, as respostas deixadas en branco non puntuarán e cada pregunta incorrecta restará 0,5 puntos. A cualificación máxima é de 20 puntos

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: Realización dun suposto práctico relacionado coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. Puntuación máxima 30 puntos.

-Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

-Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar rematado o exame e durante o seguinte día hábil á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Exame de galego.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 4º realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

9ª.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

TEMA 1.- Lexislación turística e a súa estrutura.

TEMA 2.- As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Turismo. Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.

TEMA 3.- Xeografía física de Galicia. O patrimonio natural e cultural de Galicia

TEMA 4.-Medidas de promoción turística de Galicia.

TEMA 5.-Festas de interese turístico de Galicia

TEMA 6.- Infraestruturas turísticas de As Mariñas.

TEMA 7.- Infraestruturas turísticas do Concello de Sada.

TEMA 8.- Recursos turísticos do Concello (1): Medio físico. Hábitat rural.

TEMA 9.- Recursos turísticos do Concello (2): Hábitat urbano. Patrimonio natural e cultural do Concello de Sada.

TEMA 10.- Material editado polo Concello de Sada.

TEMA 11.- Roteiros do Concello de Sada.

TEMA 12.- Galicia como marca turística.

TEMA 13.- As redes comerciais turísticas en Galicia.

TEMA 14.- A relación entre urbanismo, paisaxe e turismo.

TEMA 15.- Confluencia entre planeamento urbanístico e actividade turística.

TEMA 16.- Aspectos principais do turismo urbano e cambio climático.

TEMA 17.- O desenvolvemento turístico sostible. O turismo e os sistemas de xestión turística ambiental.

TEMA 18.- Estratexia de Turismo Sostible de España 2030.

TEMA 19.- Indicadores de capacidade de carga turística.

TEMA 20.- O transporte no turismo.

TEMA 21.- Figuras público-privadas no sector turístico.

TEMA 22.- Situación do emprego e a profesionalidade no sector turístico. Importancia económica do sector turístico. Turismo de negocios. Turismo de saúde.

TEMA 23.- O turismo e as TIC. A importancia da estadística no sector turístico.

TEMA 24.- A estacionalidade no turismo.

TEMA 25.- O turismo en rede e as súas sinerxias. Caso do Concello de Sada.

TEMA 26.- A Oficina Municipal de Turismo: as súas funcións.

TEMA 27.- Rede Galega de Oficina de Turismo

TEMA 28.- A Regulación dos dereitos e deberes das usuarias e dos usuarios turísticos. O dereito de información.



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- TEMA 29.- Dereito de calidade dos bens e servizos adquiridos. Dereito a formular queixas e reclamacións. Dereito de non discriminación.
- TEMA 30.- A promoción turística no exterior: Feiras, congresos, etc. Fórmulas máis habituais.
- TEMA 31.- O Camiño de Santiago: a súa importancia turística.
- TEMA 32.- O Plan Leader e as súas posibilidades turísticas.
- TEMA 33.- Importancia das empresas de turismo activo e de animación no Concello.
- TEMA 34.- A importancia do turismo na sociedade do ocio. O turismo da terceira idade: características. O turismo xuvenil.
- TEMA 35.- A influencia do turismo ao aire libre no desenvolvemento do Concello. Importancia para os municipios marítimos do turismo náutico.
- TEMA 36.- Equilibrio dentro do turismo rural e as novas modalidades turísticas. As comunicacións no desenvolvemento turístico do Concello.
- TEMA 37.- Gastronomía da zona de As Mariñas: A súa potencialidade no desenvolvemento turístico.
- TEMA 38.- Requisitos para a concesión pola Unión Europea de bandeira azul nas praias e importancia da súa obtención.
- TEMA 39.- Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED). Os Sistemas Q de Calidade.
- TEMA 40.- Proposta de mellora de calidade e equipamentos en instalacións de hostalería.
- TEMA 41.- Declaración de Municipios turísticos. Servizos mínimos dos municipios turísticos. Efectos da declaración de municipio turístico.
- TEMA 42.- Turismo e covid-19.
- TEMA 43.- O turismo post covid-19.
- TEMA 44.- A planificación no turismo: proceso e enfoques. Obxectivos principais.
- TEMA 45.- Bases da planificación do produto turístico.
- TEMA 46.- A planificación estratéxica municipal no turismo. Metodoloxía.
- TEMA 47.- A avaliación dos plans estratéxicos.
- TEMA 48.- As subvencións na Lei Xeral de Subvencións e na normativa autonómica. As subvencións locais. Axudas en materia de turismo.
- TEMA 49.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o turismo. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e o turismo.

Dilixencia.- Estas bases foron aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm.1721/2020, do 17 de agosto, corrixiadas por Resolución de Alcaldía núm. 1750/2020, 20 de agosto.
Sada, na data da sinatura dixital
A Secretaria Xeral